



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DUN “ESTUDO DE INVESTIGACIÓN SOBRE O MARCO XURÍDICO DOS SERVIZOS SOCIAIS EN GALICIA, O SEU DESENVOLVEMENTO E MELLORA”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar coa Universidade da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración entre a Consellería de Política Social e a Universidade da Coruña para a realización dun proxecto de investigación sobre o actual marco regulador dos servizos e prestacións no ámbito dos Servizos Sociais, e especialmente no eido da aplicación das medidas previstas pola Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, coa finalidade de mellorar os procedementos actualmente vixentes, desenvolver o sistema de asistencia social e as medidas a adoptar para concretar o abano de posibilidades existentes dentro do marco social, xurídico e económico no que nos atopamos actualmente.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Universidade da Coruña posúe unha maior tradición e experiencia neste eido, como pode acreditar a existencia dunha serie de estudos específicos, que confiren a maior capacidade de traballo xunto co coñecemento da poboación á que vai dirixida a normativa

No caso do Director do Proxecto, ven desenvolvendo de forma continuada unha liña de investigación en materia de dereitos sociais e dereitos fundamentais, o que se reflexa nun gran número de publicacións. Así mesmo, dirixe un Seminario en materia de Dereito Administrativo Social en virtude dun convenio subscrito entre a UDC e a Deputación provincial de A Coruña, dende o ano 2012. Destaca, igualmente, a súa participación en





XUNTA DE GALICIA

distintos proxectos de investigación, internacionais e nacionais en materias vinculadas a política social.

A profesora M^a Victoria de Dios Vieitez é membro do Grupo de Investigación “Protección xurídica da persoa e da familia” (G000150) da Universidade de A Coruña. Na liña exposta, ten participado como poñente en diferentes cursos e publicacións de políticas sociais.

Así mesmo, no caso da profesora Almudena Fernández Carballal, a súa principal liña de investigación é o dereito urbanístico, tanto a nivel estatal como do ordenamento galego, estudando todos os seus sectores, entre os que se atopa o réxime xurídico dos sistemas xerais, como son os equipamentos comunitarios e as dotacións locais en todo que afecta o dereito a cidades a ós dereitos fundamentais sociais e ó interese xeral, con numerosas publicacións neste eido. Forma parte do Seminario de Dereito Administrativo Social do Grupo de Investigación de Dereito Público Global ao que pertence.

Para a xestión dos proxectos de investigación, servizos de asesoramento, información e apoio á investigación, “másters”, cursos de postgrado, de especialización e análogos que realicen os profesores e departamentos da Universidade da Coruña con entidades públicas ou privadas, a citada Universidade ten subscrito un convenio de colaboración coa FUNDACION UNIVERSIDAD DE LA CORUÑA (FUAC).

A FUAC é unha institución privada sen ánimo de lucro, de carácter benéfico-docente, constituída para a promoción, desenvolvemento e financiamento das actividades propias da Universidade da Coruña e as súas relacións coa Sociedade. Dentro do seus obxectivos figura a promoción da actividade profesional, a creación de emprego, a investigación, a formación e o desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

O proxecto, ten unha múltiple vertente pero incidindo de xeito relevante e máis en particular nas áreas de dependencia, accesibilidade e dereitos fundamentais sociais.

Debido a estas características, para a execución do proxecto é preciso contar coa colaboración de distintos profesionais e institucións, de carácter público e privado, do ámbito da investigación, da educación e da sanidade, coordinados e supervisados baixo unhas directrices e metodoloxía común, todos eles seleccionados e supervisado pola Universidade da Coruña sobre a base de criterios científicos avalados por resultados de proxectos de investigación previos.

Por estas razóns, considérase acreditado que non existe na actualidade outra entidade capaz de desenvolver un programa destas características e, polo tanto, non procede promover a concorrência pública.





XUNTA DE GALICIA

Por outra banda, tendo en conta os obxectivos pretendidos, considérase que o seu obxecto non se corresponde con ningún dos recollidos na LCSP e polo tanto xustifícase a formalización dun convenio de colaboración para a súa execución.

A Universidade percibirá da Consellería de Política Social con cargo aos orzamentos aprobados para estes fins unha compensación polos gastos en que incorra no desenvolvemento deste convenio de 60.000,00 € para o ano 2017.

Ao ter unha obriga de gasto inferior a 150.000,00 € o convenio de colaboración non deberá ser autorizado polo Consello da Xunta de Galicia.

O convenio de colaboración cuxa tramitación se inicia, preténdese realizar con data de efectos e vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2017.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago a 23 de maio de 2017

A Directora Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

(P.D. Resolución 21/04/2017 – DOG nº 78 do 24 de abril)

A Directora Xeral de Familia e Dinamización Demográfica

María Amparo González Méndez

